

ANEXO III: Índice institucións e organismos históricos

***Avante!* (R, 272)**

O xornal *Avante!* é o órgano oficial do Partido Comunista Portugués. Comezou a ser publicado na clandestinidade o 15 de febreiro de 1931, con saída irregular até 1941, cando empeza a ser editado unha vez ao mes como mínimo. O 17 de Maio de 1974 saía publicado o primeiro número fora da clandestinidade, converténdose nun semanario. Está dispoñíbel en liña en formato dixital <<http://www.avante.pt/>> e conta cunha hemeroteca virtual en que se poden consultar todos os seus números saídos na clandestinidade entre 1931 e 1974 <<http://www.pcp.pt/avante-clandestino>> [Consultado o 19/07/2012]

Comisión Nacional de Socorro a Presos Políticos (R, 208)

Constituída en 1969, a Comissão Nacional de Socorro aos Presos Políticos tiña, entre outros moitos, os seguintes obxectivos: chamar a atención do Goberno e do país sobre os graves problemas ligados á situación dos presos políticos; tentar facer realidade as medidas de protección dos individuos e a liberación dos presos políticos; e, finalmente, auxiliar por todas as formas legais os presos e as súas familias, tentando minorar, a través dunha acción solidaria, os sufrimentos morais e materiais causados por unha lexislación inxusta e agravada por un tratamento inhumano.

Cruz Vermella (R, 82)

A Cruz Vermelha Portuguesa (CVP) é a sociedade nacional portuguesa do Movemento Internacional da Cruz Vermella. Trátase dunha institución humanitaria de utilidade pública creada en 1865 e destinada a defender a paz, garantir o respecto pola dignidade da persoa humana, minorar os efectos da guerra e a promover a vida e a saúde. A súa sede nacional está

en Lisboa e a páxina web oficial é <<http://www.cruzvermelha.pt/>> [Consultado no día 19/07/2014].

DRIL (R, 234)

O Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL) foi unha organización armada formada en 1959 por exiliados galegos e portugueses para loitaren contra as ditaduras salazarista e franquista. Contaba con dous secretarios xerais, Humberto Delgado e Xosé Velo Mosquera, e estivo en activo até o ano 1964. Entre os seus membros destacaron, ademais, o capitán portugués H. Galvão e J. Fernández Vázquez (Jorge de Soutomayor). A acción que máis notoriedade acadou foi a famosa Operación Dulcinea.

FRELIMO (R, 94, 95, 97)

A Frente de Libertação de Moçambique, tamén coñecida polo acrónimo FRELIMO foi oficialmente fundado o 25 de xuño de 1962, como movemento nacionalista, co obxectivo de loitar pola independencia de Mozambique do dominio colonial portugués. O seu primeiro presidente foi Eduardo Mondlane. Desde a consecución da independencia en 1975, a FRELIMO é a principal forza política de Mozambique.

Gestapo (R, 241)

A Gestapo foi a policía secreta oficial da Alemaña Nazi. Estabelecida en abril de 1933 e disolta o 7 de maio de 1945 por orde do Xeneral Dwight, a súa función era a de investigar e combater todas as tendencias perigosas para o Estado. Tiña autoridade para investigar os casos de traizón, espionaxe e sabotaxe, ademais dos casos de ataques criminais ao Partido Nazi e ao Estado.

GNR (R, 120, 127, 129, 152, 164, 168, 170, 190, 253)

A Guarda Nacional Republicana era unha forza de seguridade de natureza militar, constituída por militares organizados nun corpo especial de tropas e dotada de autonomía administrativa, con xurisdición en todo o territorio nacional portugués. Foi creada en 1911, na época da I República portuguesa, que fora proclamada en 1910. Continúa a funcionar na actualidade. A súa páxina web é <<http://www.gnr.pt/>> [Consultado no día 20/07/2014].

IAO (R, 80)

A Instrução de Aperfeiçoamento Operacional estaba composta por unha serie de exercicios de instrución militar que os soldados portugueses recrutados polas Forzas Armadas recibirían, como parte final da súa formación, xusto antes de partiren a África para loitar na guerra colonial.

MFA (R, 253, 261)

O Movimento das Forças Armadas, tamén coñecido como “movimento dos capitães” foi o responsábel da Revolución do 25 de Abril de 1974, que puxo fin á ditadura e ao Estado Novo portugués. A principal motivación do grupo de militares que formaba o movemento era a oposición ao réxime e o descontento pola política seguida polo goberno en relación á guerra colonial. É tras o trunfo da revolución cando o MOFA (Movimento dos Oficiais das Forças Armadas) pasa a denominarse MFA, que será o encargado de asumir o poder político no período de transición até a celebración das primeiras eleccións democráticas.

Mocidade Portuguesa (R, 83)

A Organização Nacional Mocidade Portuguesa, máis coñecida como Mocidade Portuguesa (MP), , era unha organización xuvenil do Estado Novo de Salazar. Creada en 1936, pretendía abranguer toda a xuventude de 7 a 14 anos co fin de estimular o desenvolvemento integral da

súa capacidade física, a formación do carácter e a devoción á Patria, no sentimento da orde, no gusto da disciplina e no culto dos deberes morais, cívicos e militares.

Movimento Nacional Feminino (*R*, 82, 125)

O Movimento Nacional Feminino (MNF) foi unha organización do Estado Novo creada por iniciativa de Cecília Supico Pinto en 1961 e apoiada por António de Oliveira Salazar, co obxectivo da organización das mulleres en torno do apoio á Guerra Colonial, en particular cando o conflito en Angola, Mozambique e Guinea se intensificou. O MNF foi diluído en 1974.

PCP (*R*, 112, 113)

O Partido Comunista Portugués é un dos partidos políticos máis antigos de Europa. Fundado en 1921 como sección portuguesa da Internacional Comunista, foi ilegalizado na fin dos anos 20, tendo un papel fundamental na oposición ao réxime ditatorial de Oliveira Salazar desde a clandestinidade. Após o fin da ditadura, o partido converteuse nunha das principais forzas políticas do novo réxime democrático. Actualmente te deputados na Asemblea da República e no Parlamento Europeo. O seu líder desde 2004 é Jerónimo de Sousa. O seu portal web oficial é <<http://www.pcp.pt/>> [Consultado no día 20/07/2014].

PIDE (*R*, 85, 120, 127, 130, 133, 148); **PIDE/DGS** (*R*, 149, 150, 152, 158, 164, 170, 174, 193, 253); **PVDE** (*R*, 241)

Com a entrada em vigor da Constituição de 1933 do recentemente inaugurado Estado Novo, a Polícia Internacional Portuguesa e a Polícia de Defesa Política e Social son fundidas nun único organismo que pasa a ser a Polícia de Vigilância e Defesa do Estado (PVDE), que incluía dúas seccións, a de Defesa Política e Social e a Internacional. A primeira encárgase de combater os crimes políticos e sociais, mentres que a segunda é a responsábel de verificar a entrada,

permanencia e saída de estranxeiros do territorio nacional, ou da colaboración coas policíaas doutros países.

En 1945, a PVDE é transformada na Policía Internacional e de Defensa do Estado (PIDE), á que lle son atribuídas funcións administrativas e de prevención e combate da criminalidade. Xa en 1954, a PIDE é reorganizada, sendo prevista a súa instalación tamén nas illas adxacentes e nas provincias de Ultramar. No entanto, esa instalación só ficará completa na década dos sesenta.

En 1969, ao ano seguinte de converterse Marcelo Caetano en líder do Estado Novo este muda o nome da PIDE polo de Dirección-Geral de Segurança, aínda que non realiza alteracións significativas nas súas competencias nin na súa forma de actuar. A súa función principal e máis coñecida seguirá a ser a de policía política.

PSP (R, 2419)

A Policía de Segurança Pública (PSP) é unha forza de seguridade portuguesa coas misións de defensa da legalidade democrática, de garantía da seguridade interna e de defensa dos dereitos dos cidadáns. Creada en 1867, a PSP é coñecida, principalmente, por ser a forza de seguranza responsábel da vixilancia nas grandes áreas urbanas de Portugal, estando a das áreas rurais reservado normalmente à Guarda Nacional Republicana (GNR). Pola súa grande visibilidade, aos ollos do público a PSP tornouse a "Policía" por excelencia en Portugal aínda na actualidade.

A súa páxina web oficial é <<http://www.psp.pt/>> [Consultado no día 20/07/2014]

SPM (R, 85)

O Serviço Postal Militar era un servizo de correos militar creado durante a guerra colonial portuguesa como medio para comunicárense por escrito os militares cos seus familiares na metrópole, era a ligazón coa vida que ficara por vivir no outro lado do océano. Funcionou entre 1961 e 1974. Inventouse o aerograma, unha folla amarela ou azul, que se dobraba e colaba,

circulando en avión entre as provincias africanas e a Metrópole. O xeneral Cámara Pina, Chefe do Estado Maior do Exército, encargou expresamente organizar e por en funcionamento o servizo, sendo o seu primeiro responsábel, o capitán miliciano graduado Ernesto Lourenço Dias Tapadas.